

PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	Educación plástica, visual e audiovisual	CURSO	1º ESO
CURSO ACADÉMICO	2017-18	PROFESOR	Antonio García Pereira

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1 (Expresión plástica)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano.	1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.
B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.	1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.
B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual.	1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.
	1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.
	1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.
B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade.	1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.
	1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.
	1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.
B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.	1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.

	<p>1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.</p> <p>1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.</p>
B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.	1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).
B1.7. Composición: elementos.	<p>1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.</p> <p>1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.</p> <p>1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.</p> <p>1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.</p>
B1.8. O ritmo na composición.	<p>1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.</p> <p>1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.</p> <p>1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.</p> <p>1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.</p>
B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva.	1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.
B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias.	1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.
B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.



B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
	1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.
	1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.
	1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes mátericas e figuras tridimensionais.
	1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.
	1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
	1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2 (Comunicación audiovisual)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.	2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.
	2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.
	2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.
B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas.	2.2.1. Distingue símbolos de iconas.
	2.2.2. Deseña símbolos e iconas.
B2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.	2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.

B2.4. Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.	2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.
B2.5. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.	2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.
	2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3 (Debuxo técnico)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.	3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.
B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45º.	3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.
B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.	3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.
B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.	3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.
B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas.	3.5.1. Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón.
B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.	3.5.1. Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón.
B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.	3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.
B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.	3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.
B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.	3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.
B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.	3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.
B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.	3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.
	3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.
B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).
B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.	3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.
B3.14. Construción de triángulos.	3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.



B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.	3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.
B3.16. Triángulo rectángulo: características e construción dun.	3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.
B3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades.	3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.
B3.18. Construción de cuadriláteros.	3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.
B3.19. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.
B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.	3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.

CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe.
- B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.
- B1.3. Expressar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.
- B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.
- B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias.
- B1.6. Transcribir texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.
- B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.
- B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.
- B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.
- B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.
- B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.
- B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación.
- B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.
- B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.
- B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.
- B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.
- B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.
- B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.
- B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.
- B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.
- B3.9. Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.
- B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Tales.
- B3.11. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.
- B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.
- B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).
- B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.
- B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicarlas con propiedade á construción destes.
- B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros.
- B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.
- B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.
- B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.

ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

En cada avaliación valorarase tres partes diferenciadas: a parte teórica, a parte práctica e a parte de actitudes.

PARTE TEÓRICA

Esta parte terá como procedemento de avaliación as probas escritas.

As probas escritas serán tipo test de opción múltiple. Cada proba constará de vinte preguntas tipo tests, onde haberá que marcar unha opción de catro posibles por pregunta, en caso contrario a pregunta anularase. Tamén se anularán as preguntas que presenten borróns ou as que non apareza claramente cal é a opción marcada. Cada pregunta correcta valerá 0'5 puntos, mentres que as contestadas



erroneamente restarán 0'05 puntos cada unha. Estas probas se realizarán con bolígrafo e no caso de facer correccións, realizaranse cun corrector branco (*Tippex* ou similar). En caso de falta de asistencia o día do exame, haberá que presentar a pertinente xustificación para realizar o mesmo fora da data establecida. En caso contrario o exame será cualificado con 0 puntos.

PARTE PRÁCTICA

A parte práctica utilizará como procedemento de avaliación a realización de exercicios na aula. Farase unha distinción entre os traballos obrigatorios que permitan adquirir os contidos mínimos, e os traballos voluntarios de ampliación, destinados para aqueles/as alumnos/as que avancen a un ritmo maior. Os traballos obrigatorios realizaranse na aula, durante cada período lectivo, e so excepcionalmente se permitirá levar traballo para casa. Os traballos voluntarios se realizarán na aula sempre que non impidan a elaboración dun traballo obrigatorio.

Os traballos voluntarios puntuaranse inicialmente de 0 a 10, mentres que os voluntarios poderán ser valorados hasta un máximo de 12 puntos.

A cualificación numérica desta parte práctica obterase mediante una media ponderada, onde cada traballo será valorado en función dun peso asignado en base a súa duración (cada unidade de peso corresponderase aproximadamente cunha sesión de traballo). Por exemplo, a un traballo obrigatorio programado para unha única sesión corresponderalle un peso de 1, de forma que a súa puntuación máxima será de 10 (10 puntos X 1), mentres que a un traballo obrigatorio programado para dúas sesións, corresponderalle un peso de 2, sendo a súa puntuación máxima de 20 (10 puntos X 2). Polo tanto, aínda que cada traballo sexa valorado inicialmente de 0 a 10 puntos, ou de 0 a 12 puntos no caso dos traballos voluntarios, a porcentaxe de cada traballo respecto a cualificación numérica de parte práctica dependerá do peso asignado: un traballo de peso 2 valerá o dobre que uno de peso 1.

A cualificación numérica da parte práctica obterase sumando as puntuacións de todos os traballos que o/a alumno/a teña que entregar obrigatoriamente na avaliación, máis as puntuacións dos traballos voluntarios; dividindo esta suma entre a suma dos pesos asignados a estes traballos (obrigatorios + voluntarios realizados).

Se un/unha alumno/a falta de forma xustificada, non estará obrigado/a a presentar o traballo realizado durante a sesión de ausencia. Non obstante, en cada avaliación esixirase un número mínimo de traballos obrigatorios, polo que si un/unha alumno/a falta moito, aínda que sexa de forma xustificada, terá que presentar un número de traballos obrigatorios cuxa suma do peso asignado sexa igual o maior a metade da suma do peso asignado a tódolos traballos obrigatorios propostos na avaliación.

Nos traballos obrigatorios, terase en conta a súa data de entrega, restándose por cada sesión que supere a data límite de entrega 0'25 puntos da súa puntuación inicial. Por exemplo, un traballo de peso 2 que, valorado inicialmente en 7 puntos, sexa entregado dúas sesións tarde, será puntuado cun 13, xa que ós 7 puntos iniciais, restaráselle 0'25 x 2, sendo multiplicada a nota obtida (6'5) polo peso asignado ó traballo: $6'5 \times 2 = 13$. Non se contará como retraso os días de ausencia xustificadas, sempre que se presente a correspondente xustificación dentro dos 7 días naturais posteriores a falta de asistencia. No caso dunha ausencia de varios días continuados, deberá presentarse a pertinente xustificación dentro dos 7 días naturais posteriores ó último día de ausencia. Tampouco se contará como retraso os días nos que o/a alumno/a acuda a actividades extraescolares ou complementarias, nin os días nos que a actividade lectiva normal sexa suspendida.

A hora de establecer as datas límite de entrega, terase en conta a evolución e ritmo de traballo da maioría dos/as alumnos/as. Unha vez rematada cada avaliación, non se terán en conta as datas de entrega. Os traballos obrigatorios non entregados obterán unha cualificación de 0 puntos. Os traballos voluntarios de ampliación non terán data máxima de entrega, podendo ser entregados en calquera momento do ano académico, antes da avaliación ordinaria do mes de xuño.

PARTE ACTITUDINAL

Esta parte basearase na observación do traballo de aula. Para a súa cualificación, en cada avaliación, tódolos/as alumnos/as partirán cunha puntuación de 10, e a medida que vaian acumulando puntos

negativos a súa cualificación irá baixando. Non haberá puntos positivos xa que e deber do/a alumno/a traballar na aula, comportarse axeitadamente, traer o seu propio material e coidar el material común da aula (mesas, cadeiras ...).

O valor de cada punto negativo será de 0'25 puntos, podendo rexistrar cada alumno/a un máximo de oito puntos negativos por sesión: un por falta de puntualidade inxustificada, outro por falta de traballo, outro por non traer material e hasta catro por conduta indisciplinada leve ou moderada na aula. Ademais, serán motivo de apercibimento cando un/unha alumno/a sexa advertido/a en reiteradas ocasións por conduta indisciplinada, ou cando presente unha conduta indisciplinada grave. En tales casos, o apercibimento equivalerá a 10 puntos negativos, restando 2'5 puntos da cualificación en actitudes. Os apercibimentos serán comunicados por escrito á xefatura de estudos. Cando un/unha alumno/a falte de forma inxustificada, cada sesión de ausencia restará 0'25 puntos da cualificación en actitudes.

A cualificación mínima nas actitudes será de 0 puntos, aínda que o/a alumno/a supere os 40 negativos, o cal suporía obter un nota negativa inferior a 0 puntos.

PROMOCIÓN

Para establecer a cualificación numérica de cada alumno/a, de forma ordinaria, en cada unha das avaliación establecerase á seguinte distribución de porcentaxes: a parte práctica suporá o 54% da cualificación da avaliación, a parte teórica valoraranse nun 36% e a parte de actitudes co 10% restante. Non obstante, esta distribución ordinaria poder ser excepcionalmente modificada nos seguintes casos: Para a avaliación das actitudes en cada avaliación é necesario que o/a alumno/a asista como mínimo á metade das sesións programadas inicialmente. No caso contrario, non se valoraran as actitudes, obténdose a nota da avaliación a partir da parte práctica, que suporán o 40%, e da parte teórica, que valerán o 60% restante. Sen embargo, se a nota obtida así resulta máis alta que a obtida polo sistema normal de cualificación explicado no primeiro parágrafo deste punto, nese caso non se aplicaría esta excepción e si se terían en conta as actitudes, aplicándose as porcentaxes ordinarias de cualificación (práctica 54%, teoría 36% e actitudes 10%), independentemente de se o/a alumno/a acade ou non o número mínimo de sesións de asistencia.

Para obter unha cualificación positiva de cinco ou mais puntos, en cada avaliación será necesario que o/a alumno/a acade como mínimo 3 puntos sobre un máximo de 10 nas partes práctica e de actitudes. Nas actas de avaliación, o redondeo das cualificacións realizaranse do seguinte xeito:

As cualificacións comprendidas entre...	redondearanse a ...
0'00 e 1'74	1
1'75 e 2'74	2
2'75 e 3'74	3
3'75 e 4'74	4
4'75 e 5'74	5
5'75 e 6'74	6
6'75 e 7'74	7
7'75 e 8'49	8
8'50 e 9'24	9
A partir do 9'25	10

Excepcionalmente, cando un/unha alumno/a obteña un mínimo de 5 puntos en actitudes e un mínimo de 4 puntos nas partes de teoría e práctica, a partir do 4'60 se redondeará a 5. De xeito semellante, cando un/unha alumno/a obteña un mínimo de 5 puntos nas tres partes (actitudes, teoría e practica, a partir do 5'60 se redondeará a 6 e a partir do 6'60 se redondeará a 7. No caso de que se obteña un mínimo de 6 puntos nas tres partes, a partir do 7'60 redondearase a 8.

Para a cualificación da avaliación final ordinaria do curso no mes de xuño utilizarase as porcentaxes explicadas anteriormente, coas súas excepcións e os mesmos criterios de redondeo.



A nota da parte práctica obterase sumando as puntuacións de todos os traballos do curso que o/a alumno/a teña que entregar obrigatoriamente, máis as puntuacións dos traballos voluntarios; dividindo esta suma entre a suma dos pesos asignados a estes traballos (obrigatorios + voluntarios realizados).

A nota da parte de teoría sairá da media aritmética das partes teóricas de cada avaliación.

A nota da parte de actitudes sairá da media aritmética das correspondente notas de actitudes de cada avaliación. Os/as alumnos/as que non asistan como mínimo á metade das sesións programadas inicialmente en todo o ano académico, non se lles valoraran as actitudes, obténdose a cualificación final a partir das partes práctica e teórica, segundo as porcentaxes explicadas anteriormente. No caso dun/unha alumno/a que se incorpore na segunda avaliación e acade o número mínimo de asistencia, a súa nota de actitudes sairá da media aritmética das notas de actitudes da 2ª e da 3ª avaliación.

En todo caso, será indispensable obter un mínimo de 3 puntos en cada unha das tres avaliacións. Senón a nota final será de INSUFICIENTE, e haberá que presentarse a convocatoria extraordinaria do mes de setembro.

A proba da avaliación extraordinaria de setembro consistirá na realización dunha proba escrita, a cal constará de 40 preguntas tipo test, onde haberá que marcar unha opción de catro posibles por pregunta, en caso contrario a pregunta anularase. Tamén se anularán as preguntas que presenten borróns ou as que non apareza claramente cal é a opción marcada. Cada pregunta correcta valerá 0'25 puntos, mentres que as contestadas erroneamente restarán 0'025 puntos cada unha. A proba realizarase con bolígrafo e no caso de facer correccións, realizaranse cun corrector branco (*Tippex* ou similar).